



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274

ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 07/08/2020 a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Consulta Pública REGULAMENTO da Agrupación de Voluntariado de Protección Civil (AVPC))

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obriga de establecer anualmente un Plan Normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan por Resolución de alcaldía 983/2020 publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada o día 3 de xuño de 2020, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía, ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a ova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Considerando que en relación modificación substancial do Regulamento da *Agrupación de Voluntariado de Protección Civil (AVPC)* pola concellería correspondente elaborouse unha memoria cumprimentado os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir un prazo de 15 días hábiles de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura modificación, detallada na memoria da concellería de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado, que comprende os seguintes aspectos en relación á modificación substancial do Regulamento da *Agrupación de Voluntariado de Protección Civil (AVPC)*:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo.- Publicar a presente resolución e a memoria na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende o día seguinte ao da publicación para realizar as aportacións que se consideren oportunas a través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telemáticamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015.”

O que se publica para xeral coñecemento

Sada, na data da sinatura dixital

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

-Taboleiro, Web e Sede Electrónica

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <http://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO
REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIADO DE PROTECCIÓN CIVIL
(AVPC)**

As Entidades Locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. O artigo 4.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, outorga aos concellos a potestade regulamentaria dentro do ámbito das súas competencias.

A manifestación desta competencia reflíctese na elaboración dunha norma de carácter regulamentario que regule os aspectos relacionados coa AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIADO DE PROTECCIÓN CIVIL (AVPC) dentro do municipio.

Mediante este regulamento o Concello pretende regular diversas cuestións segundo o establecido na Lei 17/2015, de 9 de Xuño do Sistema Nacional de Protección Civil, xa no preámbulo cítase que “...*sen prexuízo da indispensable colaboración cidadá, todos os poderes públicos competentes, dende o nivel local ata as institucións europeas e internacionais, determinando políticas públicas para desenvolver instrumentos normativos, organizativos e medios que lles permiten exercer as súas respectivas responsabilidades nesta materia e melloralas continuamente...*”; indicando que o regulamento ten una clara conexión coa Administración local, polo que se habilita aos concellos para a súa concreción, continuando con “...*as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poñen en práctica as súas competencias propias na materia, regulando a súa actuación, configurando servizos propios de protección civil, desenrolando órganos competentes de coordinación de emerxencias que supuxeron un avance substantivo, na xestión de todo tipo de emerxencias e eficaces servizos municipais de protección civil...*” dotando de maior capacidade aos municipios.

Segundo o artigo 19 da devandita lei “...*O Estado colaborará coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais facilitando os recursos humanos e materiais dispoñibles no caso de emerxencias que non se declararan de interese nacional, nos termos que se acorden no Consello Nacional de Protección Civil...*”.

Os obxectivos deste regulamento son, fundamentalmente:

- a) Reactivar a área de voluntariado dunha maneira definitiva, coa finalidade de colaboración e coordinación nas actividades deportivas e culturais que organiza ou nas que colabora o Concello de Sada.
- b) Necesidade de actualizar o regulamento, dotando de operatividade á AVPC para que as nosas veciñas e veciños teñan acceso a esta agrupación formativa e colaboradora, imprescindible, máis aínda na situación de pandemia que estamos a padecer.
- c) Establecer unha regulación clara nos trámites relacionados coas necesidades, activacións e sancións durante a prestación do servizo.
- d) As posibles solucións alternativas estarían supeditadas a complementar as labores do Servizo de Emerxencias Municipal e da Policía Local nas actividades estipuladas de cultura e deporte, sempre que soliciten a participación da Agrupación en dispositivos encadrados nesas áreas, proporcionando colaboración e sustento ás actuacións pertinentes, ben sexan organizativas, preventivas e/ou formativas.

Sada, na data da sinatura dixital.

O concelleiro

Bregán Blanco González